



## PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

CURSO 2023-2024

### 1. MATERIA: Música

CURSO: 2ºESO

### 2. INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A MATERIA PENDENTE:

A materia de Música en 2º ESO baséase no coñecemento dos principais elementos da música como o son, a voz, o ritmo, a pulsación, a melodía ou o timbre. Por outra banda a práctica instrumental ten un peso moi importante nesta materia. A materia de Música de 2º ESO ten unha carga horaria de dúas horas semanais.

### 3. CURRÍCULO A DESENVOLVER:

TEMA 1: O son e as súas cualidades.

TEMA 2: A voz. O color da voz. Voz natural e voz impostada. Tesituras das voces humanas.

TEMA 3: Pulsación, movemento e compás. Neste tema estudarán os elementos básicos da linguaxe musical relacionados coa pulsación, o movemento e o compás.

TEMA 3: O ritmo musical. Combinacións rítmicas. Neste tema estudarán os elementos básicos da linguaxe musical relacionados co ritmo: as figuras, os silencios, os compases.

TEMA 4: A melodía. Diseño. Rexistro. Ámbito. A escala musical. Neste tema estudarán os elementos básicos da linguaxe musical relacionados coa melodía.

TEMA 5: O timbre. Os instrumentos da orquestra sinfónica.

TEMA 6: A presenza da música na sociedade. Música e Internet. A música na publicidade. Unha ollada sobre a música popular actual.

- En tódolos trimestres se traballará a práctica vocal e/ou instrumental.

### 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Relaciona as catro calidades do son cos elementos da linguaxe musical.

Dado un fragmento musical nunha partitura ou audición diferencia os ritmos binarios e ternarios.

Realiza dictados rítmicos con figuras brancas, negras e corcheas.

Recoñece o pentagrama, a clave de Sol, o nome das notas e as figuras musicais.

Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais adecuadas ao nivel.

Diferencia os timbres dos instrumentos e das voces.

A partir dunha audición musical describe o ritmo, a melodía e a textura.



#### **5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS A DESENVOLVER:**

O alumnado terá á súa disposición material e tarefas na aula virtual do centro. Esas tarefas e exercicios formarán parte da avaliación para a recuperación da materia.

Teremos reunións trimestrais e atención ao alumnado nas horas dispostas para tal fin.

#### **6. RECURSOS:**

Aula virtual do centro. Ao principio de curso o profesorado matriculará ao alumnado pendente no espazo correspondente.

Material da aula de música.

#### **7. TAREFAS A REALIZAR E TEMPORIZACIÓN DAS MESMAS:**

Tarefas a través da aula virtual que estarán divididas para realizar durante os tres trimestres pero, se o alumnado o quere, pode facelas con anterioridade para ir adiantando traballo. A parte práctica avaliarase a partir das probas prácticas que se fagan no primeiro trimestre en 3º ESO .

En xuño haberá tamén a posibilidade dubha proba final que incluírá todo o contido en 10 preguntas teóricas e unha proba de práctica instrumental.

#### **8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN:**

O profesorado accederá á aula virtual e irá valorando o progreso do alumnado pendente ao final de cada trimestre. Para superar a materia deberá obter un 5 ou máis nos traballos e ter superada a parte práctica .

Se o alumnado opta por facer a proba final en xuño deberá obter un 5 ou máis .

Se fose necesario poderían reunirse para axudar ou resolver dúbidas nas horas de atención ao alumnado.



## PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

CURSO 2023-2024

### 1. MATERIA: Música

**CURSO: 3ºESO**

### 2. INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A MATERIA PENDENTE:

A materia de Música en 3º ESO baséase no coñecemento dos diferentes períodos da Historia da Música. Ademais continúaase na formación instrumental e vocal afondando na linguaxe musical que xa se traballara no curso anterior.

### 3. CURRÍCULO A DESENVOLVER:

A Historia da música dende a Antigüidade ao século XX. Práctica musical

### 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais de diferentes épocas.  
Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicáis e dancísticas de épocas e culturas anteriores.  
Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.  
Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental .

### 5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS A DESENVOLVER:

O alumnado terá á súa disposición material e tarefas na aula virtual do centro. Esas tarefas e exercicios formarán parte da avaliación para a recuperación da materia.  
Teremos reunións trimestrais e atención ao alumnado nas horas dispostas para tal fin.

### 6. RECURSOS:

Aula virtual do centro. Ao principio de curso o profesorado matriculará ao alumnado pendente no espazo correspondente.



Material da aula de música.

### **7. TAREFAS A REALIZAR E TEMPORIZACIÓN DAS MESMAS:**

Tarefas a través da aula virtual que estarán divididas para realizar durante os tres trimestres pero, se o alumnado o quere, pode facelas con anterioridade para ir adiantando traballo. Habera unha proba práctica por trimestre.

En xuño habera tamén a posibilidade dunha proba final que incluíra todo o contido en 10 preguntas teóricas e unha proba de práctica instrumental.

### **8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN:**

O profesorado accederá á aula virtual e irá valorando o progreso do alumnado pendente ao final de cada trimestre. Para superar a materia debera obter un 5 ou máis nos traballos e ter superada a parte práctica .

Se o alumnado opta por facer a proba final en xuño debera obter un 5 ou máis .

Se fose necesario poderían reunirse para axudar ou resolver dúbidas nas horas de atención ao alumnado.

DATAS DAS PROBAS PARA RECUPERACIÓN DA MATERIA DE MÚSICA PENDENTE

CURSO 2023-24

	2º ESO	3º ESO
1ª AVALIACIÓN	<b>05 decembro 2023</b> (data límite entrega de traballos)	<b>05 decembro 2023</b> (data límite entrega de traballos e proba práctica)
2ª AVALIACIÓN	<b>08 marzo 2024</b> (data límite entrega de traballos )	<b>08 marzo 2024</b> (data límite entrega traballos e proba práctica)
3ª AVALIACIÓN	<b>31 maio 2024</b> (data límite entrega de traballos)	<b>31 maio 2024</b> (data límite entrega de traballos e proba práctica)
PROBA FINAL	<b>31 maio 2024</b>	<b>31 maio 2024</b>